

“NOVAS DO PERRAL”





ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, no concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905.

Os estudos primarios realizounos nun par de escolas do seu concello, seguindo o bacharelato en Pontevedra e posteriormente os estudos de Filosofía e Letras na universidade de Santiago.

Durante a súa estancia en Pontevedra fundou a Sociedade de Lingua, dedicada á defensa do idioma galego e á confección dun dicionario.

En 1923 fundouse o Seminario de Estudos Galegos co obxectivo de defender a cultura galega, nel vaise integrar Antonio despois da súa chegada a Santiago, no ano 1928.

Foi profesor na universidade e catedrático de instituto na Estrada, Lugo e Santiago.

A súa vida estuvo completamente dedicada ao estudo dos costumes, das festas, da xeografía, do folclore e de todas as manifestacións populares de Galicia escribindo unha chea de libros e artigos para revistas e xornais sobre estes temas.

Ingresou, en 1956, na Real Academia, ocupando a cadeira que deixara vacante Alfonso R. Castelao.

Cando se inaugurou o Museo do Pobo Galego, no ano 1977, foi nomeado director e durante o seu mandato restaurouse o Mosteiro de San Domingos de Bonaval.

Este ano, a Real Academia Galega dedícalle, polo seu labor en defensa da nosa cultura, o Día das Letras.

OS SENTIDOS

OS NENOS E NENAS DA CLASE DE 3 ANOS

TRABALLAMOS OS 5 SENTIDOS.

ESCOITAMOS A CANCIÓN "OS SENTIDIÑOS".



VIMOS LIBROS DO CORPO HUMANO.



VISTA

3. PROBAMOS DISTINTOS SABORES.



4. TOCAMOS MOITAS COUSAS.



TACTO

5.

TAMÉN FIXEMOS TRABALLAR O NOSO NARIZ.



LECCIÓN

ARIANNA

ROI

ADELLA XABI

ALBA

INAZ

SIMÓN

CAMILA
VALERIA

ERIC

MARTINA

ALBA

O MAIO DE 3 ANOS

**O GRUPO DE TRES ANOS
VIMOS CANTAR
A FESTA DOS MAIOS
IMOS FESTEXAR.**


**O CORPO HUMANO
ESTAMOS A ESTUDAR
COAS PERNAS E OS BRAZOS
IMOS BRINCAR.**

**NO NOSO RECREO
Á PITA XOGAMOS
COS COCHES E AS PALAS
QUE BEN O PASAMOS.**

**XA NOS DESPEDIMOS
FIXÉMOLO MOI BEN
QUEREMOS RECIBIR
MOITOS PARABÉNS!**



Os nenos e nenas da clase de 4 anos, estamos aprendendo cousas do noso sistema solar. "SABIÁDES QUE...?"



O **SOL** É UNHA ESTRELA TAN GRANDE QUE NEL COLLERÍAN UN MILLÓN DE PLANETAS **TERRA**




CANTAS VOLTAS DECHES NA TÚA VIDA ARREDOR DO SOL?

PENSA NOS ANOS QUE TES...



AS EXPLOSIÓNS QUE SE
PRODUCEN NO ESPACIO SON
SILENCIOSAS ¡!



O HOME FOI Á LÚA

6

VECES

A **PEGADA** QUE DEIXOU NEIL ARMSTRONG
NA LÚA EN **1969** PODERÍA QUEDAR

INALTERABLE DURANTE MILLÓNS DE ANOS...

(PORQUE NA LÚA NON HAI ATMÓSFERA, NON HAI VENTO NIN
CHUVIA...)



O MAIO DE 4 ANOS

SOMOS OS DE CATRO
E QUEREMOS VIVIR
NUN MUNDO LIMPO,
BONITO E FELIZ.

VIVIMOS NA TERRA
O PLANETA AZUL
NON MIRES A OUTRO LADO
NON SEXAS AVESTRUZ.

SE O NOSO PLANETA
QUEREMOS PRESERVAR
NON USES TANTO PLÁSTICO
HAI QUE RECICLAR!!

AS ÁRBORES DAN VIDA
A AUGA TAMÉN,
CÓIDAOS A TODOS
NON MALGASTES O QUE TES.



OS XIRASOLES

✓ Nome científico

HELIANTHUS ANUS

✓ Procede de

AMÉRICA

✓ A España chegou arredor do ano

1515

✓ Os seus froitos ou sementes son as

PIFAS

✓ Delas extráese o

ACEITE DE XIRASOL

✓ Actualmente existen moitas especies distintas e con diferentes

CORES

e FORMAS

✓ O país onde se cultivan máis xirasoles é

RUSIA

✓ **VAN GOGH** foi un pintor moi famoso que fixo varios cadros con xirasoles.

FERMOSA PLANTA
CON UNHA FLOR
QUE XIRA E XIRA
BUSCANDO O SOL.



AMARELO É O SOL
AMARELO É O LIMÓN
AMARELO É O PIPIÑO
E AMARELO O XIRASOL

ENTRE COL E COL, LEITUGA
ENTRE LEITUGAS, A FLOR
ENTRE AS FLORES, PIPA
ENTRE AS PIPAS, SOL



XIRASOL, XIRASOL
QUE FARÍAS TÍ SEN SOL
SEN SOL NON XIRARÍA,
SEN SOL MORRERÍA,
SEN SOL, MORRERÍA



EI. 5 ANOS

O MAIO DE 5 ANOS

SOMOS OS DE CINCO
E IMOS CANTAR
O NOSO MAIO
OUTRO ANOS MÁIS.

OS DINOSAUROS
ESTAMOS A ESTUDAR
SON UNS OVÍPAROS
QUE MOITO MEDO DAN.

COA PROFE MARÍA
PASÁMOLO MOI BEN
BOTARÉMOLA DE MENOS
O ANO QUE VÉN.

OS MAIOS DESTE ANO
IMOS DESPEDIR
O PRÓXIMO CURSO
A PRIMARIA IMOS IR.





Nestas páxinas atoparedes algunhas das actividades máis chulas que fixemos os nenos e as nenas de 1º de primaria ao longo do curso 2018 - 2019. Agardamos que vos gusten!!



PIZZA de PAZ

(Apta para intolerantes ao gluten e a lactosa)



INGREDIENTES



- 300 gr. de amor *sem gluten*
- 150 ml. de entusiasmo
- 15 gr. de alegria
- 1 colherina de respeito
- 400 gr. de gratidão *sem lactosa*
- 1 bote de perdón
- 5 lascas de ilusão
- 1 presada de companheirismo
- 1 chisca de amabilidade

POLO DIA DA PAZ.

AS NENAS E OS MENOS DE 1°.

CREAMOS A NOSA PROPIA RECEITA!!

DELICIOSA!

PIC•COLLAGE



**POLO DÍA DA MULLER
TRABALLADORA COÑECEMOS A
ÁNGELES ALVARIÑO! ESCANEADE O
CÓDIGO QR E ATOPAREDES TODA A
INFORMACIÓN QUE DESCUBRIMOS!**





POR ÚLTIMO, DEIXAMOSVOS DOUS CÓDIGOS QR QUE, SE ESCANEADES, VOS LEVAN Á WEB DO COLE, ONDE COLGAMOS DOUS VÍDEOS QUE FIXEMOS: UN POLO DÍA DOS DEREITOS DA INFANCIA E OUTRO POLO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.



O MAIO DE 1º

MAIO MAÍÑO
MARCHOU O INVERNO
CHEGOU A PRIMAVERA
E ESTAMOS MOI CONTENTOS.

NO GRUPIÑO DE PRIMEIRO
ANTES SÓ ERAMOS ONCE
PERO NESTE NOVO CURSO
VEU AROA DE MOI LONXE.

MAIO, MAÍÑO
CÁENNOS OS DENTES
ANDAMOS TOLEANDO...
QUE VEÑA O RATO PÉREZI!

MAIO ESTATE MOI ATENTO
NÓS QUERÉMOSTE PEDIR:
MAIOR TEMPO DE RECREO
COMO PASA EN INFANTIL.

MAIO, MAÍÑO,
QUEREMOS VACACIÓNS!
QUE NESTES MESES
ENFERMAMOS UN MONTÓN.

XA NOS IMOS DESPEDIR
ISTO XA VAI REMATAR,
XA MARCHAMOS PARA CASIÑA
XA DEIXAMOS DE CANTAR.



Os de segundo estamos coñecendo a pintura galega.

!!!Descubrimos un autor co que estamos entusiasmadosii

Leandro Lamas



Nestas páxinas deixamos unha mostra do que estamos a facer.


**BUSCAMOS INFORMACIÓN
SOBRE A SÚA VIDA E A SÚA
OBRA.**

Sabemos que naceu en Narón (A Coruña), e que é un pintor, ilustrador, actor e director teatral galego.


A súa pintura caracterízase polos elementos do estilo naïf: candidez, inxenuidade, espontaneidade.

Os seus motivos acostuman a relacionarse coa vida campesiña, a vida familiar, os costumes... representados sempre con grande imaxinación e vivacidade.

**COÑECEMOS LIBROS
ILUSTRADOS POR EL.**



PUXÉMONOS MANS À OBRA



E....



RESULTADO
FINAL!!!

O MAIO DE 2ºB

XA CHEGA O MAIO
COMO O RECREO
¡VEÑA LUZ DO SOL!
¡VAITE XA INVERNO!

XA SE ESCOITA FÓRA O TIMBRE
DESPOIS DE IRMOS Ó BAÑO
FACEMOS FOLA AXIÑA
E SAÍMOS PARA O PATIO.

CHEGA O RECREO,
COMO O MAIO.
TEMPO SEN PROFES,
XOGO NO PATIO.

PLÁTANOS E MANDARINAS,
BEBIBLES SABOR A PERA,
GALLETAS DE CHOCOLATE,
A BARRIGA QUEDA CHEA.

¡QUE VIVA O MAIO!
¡VIVA O RECREO!
XA VÉN A FIN
DO TEMPO FEO.

AGORA TODOS A CORRER:
A PITA ALTURA POR AQUÍ,
AS AGACHADAS POR ALÁ,
QUE O RECREO NON TEN FIN.



O MAIO DE 2ºA

BOS DÍAS A TODOS
XA ESTAMOS EN SEGUNDO
IMOS CANTAR
PARA TODO O MUNDO.

XA ESTAMOS BEN CANSADOS
MÁIS TRABALLO NON QUEREMOS
PARA TER MÁIS DIVERSIÓN
FAREMOS MOITO RECREO.

QUEREMOS QUE OS PROFES
SE PORTEN MOI BEN
NON POÑAN DEBERES
PARA FACER.

AXIÑA CHEGA O VERÁN
ESTAMOS XA MOI IMPACIENTES
PARA TER AS VACACIÓNS
XOGAREMOS MOITAS VECES.

XA PASOU A PASCUA,
QUE BOAS VACACIÓNS!
COMENDO ROSCÓN
E MOITOS BOMBÓNS.

POR AGORA IMOS MARCHANDO
TEDES QUE ESTAR MOI ATENTOS
ALGO IREMOS PREPARANDO
PARA CHEGAR A TERCEIRO.



Entroido Galego

O ENTROIDO

Adous mades de Entroido,
adeus meu amiguño,
ata o domingo de Pascoa,
non corerei mais touciña.

Vinde meninas!

Vinde meninas!

Non queira cara de penas,
e de choro, moita menos.

O Entroido imos festexar:
lilloas e orellas



3º

Px Pox Te le

Ven Entroido, ven araña,
con mascarais e barulla,
para poder brincar coas mozas
e para encher ben o bandedillo.

Eu quería o Carnaval
como un irman verdadeiro.
Agora sca non o quero,
que me chaman entroideiros.

OS DE TERCEIRO
SOMOS OS MERDEIROS

O MAIO DE 3º

MAIO MAÍÑO
CHEGAMOS A TERCEIRO
E VIMOS CANTAR
PARA O MUNDO ENTEIRO.

NESTE CURSO EXTRAORDINARIO
TRABALLAMOS MOITAS HORAS
CUN COMPLETO CALENDARIO
PORQUE TEMOS DÚAS TITORAS.

NESTE ENTROIDO
CUARTO E TERCEIRO
PASÁMOLO MOI BEN
VESTIDOS DE MERDEIROS.

NO PASEO DO RÍO LOURO
EN BICIS QUEREMOS IR
E PUXERON UN SINAL
NOLO ACABAN DE PROHIBIR.

O CELTA DE VIGO
QUERE VIR PARA MOS
QUITAN ZONAS VERDES
ONDE XOGAMOS NÓS.

DESTE CURSO EXTRAORDINARIO
TÉMONOS QUE DESPEDIR
PORQUE IMOS PARA CUARTO
NON QUEREMOS REPETIR!



RECEITA

DA PAZ



Ingredientes:

400 quilos de amor ♥

Um chisco de confiança

100 gramas de purpurina de cores


2 quilos de sorrisos e 4 de amizade

Para que não falte um chisco de alegria

4º


Modo de preparação

- 1º Bota numha cunca os 400 quilos de amor e um pouco de confiança e remexe bem
- 2º Bota-lhe 100g de purpurina de cores, 2q. de sorrisos, 4 de amizade e remexe bem.
- 3º É que não falte um chisco de alegria!!!



RECEITA

4º



DA

PAZ

Ingredientes:

- = 500g de muito amor
- = 150g de amizade
- = Um pouco de açúcar
- Duas estrelas da noite
- 250g de ledicia
- = 50g de paz
- = Três rodas
- Chocolate


MODO DE PREPARAÇÃO

Misturar todo o amor com a amizade e a paz. Quando xa temos todo ben, misturamos as tres rodas e un chisco de açúcar. Agora cos moldes faremos todas as formas. Quando xa temos as nosas formas, meterémolas no forno a 180º. Mentras se fornean vamos facer unha crema con as estrelas e a ledicia, removemos ben e despois botamos o chocolate.

Despois de media hora no forno sacamos as galletas e botamos a crema de estrelas, ledicia, e o chocolate por riba.

E XA TEMOS FEITAS AS NOSTRAS

GALLETAS DA PAZ!!!



O MAIO DE 4º

BOS DÍAS A TOD@S
SOMOS @S DE CUARTO
CANTAMOS EN PETELOS
NA FESTA DOS MAIOS.

O RECREO É MOI CURTO
OS EXAMES SON MOI LONGOS
HAI DEMASIADOS DEBERES
E VOLVÉMONOS MOI TOLOS.

O ANO QUE VÉN
XA ESTAMOS EN QUINTO
DEIXAMOS A ANA,
MARCHAMOS CON SUSIÑO.

QUEDA POUCO *PARA O* VERÁN
XA NOS IMOS DESCANSAR
XOGAREMOS CO TESOURO
NON TEMOS QUE TRABALLAR.

A OPERACIÓN BIQUINI
NON IMOS FACER
SOMOS MOI LARPEIROS
GÚSTANOS COMER.

ESTA É A DESPEDIDA
E VAI DEDICADA A NINA
-NON TE VAIAS, POR FAVOR,
TI AQUÍ ES MOI QUERIDA!



POEMA DOS ESTRALOQUES



Aquí tedes un poema de Yolanda Castaño, do seu libro “Verdades”:

Os fermosos estalotes
Montan a revolución,
nós aforramos petardos
con tan linda percusión.

¡PASÁDEO BEN ESTOUPANDO
ESTALOTES!

5º E.P.

O MAIO DE 5º

MAIO, MAÍÑO
SOMOS OS DE QUINTO
E HOXE IMOS CANTAR
O QUE QUEREMOS DESEXAR.

OS PROFES ESIXEN MOITO
ISTO É UN SENVIVIR
NON QUEREMOS MÁIS DEBERES
QUERÉMONOS DIVERTIR.

MAIO, MAÍÑO
O COLE É UN CASTIGO
IMOS DE EXCURSIÓN
E MOLA MOGOLLÓN.

NÓS QUEREMOS MOITO SOL
QUE A CHOIVA MARCHE XA
PARA BRONCEARNOS MÁIS
E ASÍ PODER LIGAR.

NÓS NA NOSA CLASE
PORTÁMONOS MOI BEN
ESTAMOS CALADIÑOS
E SACAMOS MOITOS DEZ.

NÓS AQUÍ NOS DESPEDIMOS
IMOS XA A ESTUDAR
ASÍ PASAMOS TODO O DÍA,
ISTO É ALGO FATAL!!



A nena Raposante
1º premio (categoría infantil) do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas convocado pola Xunta de Galicia.

Na illa de Luan, que estaba moi afastada da civilización máxica, naceu unha nena moi especial a que chamaron Irisina.

Irisina era especial, porque ao nacer tiña os ollos de dúas cores. Pero esas cores non eran normais. O ollo dereito era negro como unha noite sen luz, e o outro rosa coma unha cerdeira xaponesa en flor.

Ademais dos ollos, o seu pelo era negro coma un abismo sen fondo, e vermello coma o lume máis intenso e tiña tamén na súa cabeza, orellas de raposo. Si, si, oístes ben, orellas de raposo. Estas orellas tiñan a súa utilidade, pois cando Irisina se enfadaba convertíanse nunha raposa, ás veces agrésiva; o raro era que non era unha raposa normal co pelo alaranxado, non, o seu pelo era dunha cor vermella intensa coma o lume.

E por todo iso, considerárona a nena máis rara xamais nacida en Luan.

14 anos despois.

Irisina agora está no instituto e ten 3 amigas Aeve, Luna e Abril. Pero, non todo é bo. Irisina tamén ten unha inimiga. Chámase Clair, ela é, como dicilo un pouco malvada. ¡Agarda!, un pouco non, ¡moi malvada!. Pero Irisina tena controlada.

Un día como calquera outro, Irisina estaba metendo libros na súa taquilla cando chegou Clair e lle dixo :

-Aquí está o fenómeno, non che gustaría ser tan importante coma a min?. (Clair di que é importante, porque é filla do alcalde de Luan).

Ao que Irisina respondeu:

-Oh Clair, debe ser agobiante pensar que alguen te poida tirar do teu pedestal e devolverte á realidade.

(Un momento, parade de pelexarvos. Vós, si, vós que estades lendo vedes esas caras de enfado, que din a gritos: "Voute matar un día destes se non te calas". Pódese ver desde lonxe que son grandes amigas e que se levan moi ben; non?) Prosigamos coa historia.

Pero Clair non se dá por vencida e respóndelle:

-Fenómeno, es a persoa que máis odio!

E Irisina volveu responder:

-Tranquila, non te sentas soa, eu tamén te odio a ti.

Por fin Clair se dá por vencida e marcha enfadada.

Despois de mostravos esta pelexa, continuemos coa historia.

Ao día seguinte...

Ao día seguinte Irisina perdeuse, no instituto, ¡sería un milagro que non se perdese!. Pero ese día perderse foi unha moi boa casualidade. Queres saber por que? Imaxino que si. Pois foi porque atopou unha habitación secreta pola cal só se podía entrar por un buraco. Así que, por que non transformarse en raposa. Irisina fixo isto e entrou naquela habitación. Estaba cheo de libros e follas, aquelas paredes de pedra cor grisácea estaban ata arriba de debuxos e notas que tiñan algo en común, só puñan cousas de raposos, cousa que estranou á nosa protagonista.

Camiñando entre pilas e pilas de libros, follas cheas de debuxos de raposos e aparellos estranos. Topou un mapa que puña:

-Este mapa só o encontrará a princesa lexítima ao trono, do clan dos Raposantes.

Adiviñas quen é esa princesa que só pode topar o mapa que topou Irisina (Claramente esa princesa é Clair, vale deixemos as bromas).

Irisina, convertida en raposa, saíu dese lugar volvendo co mapa na boca. Ao saíren desa habitación volveuse normal e gardou o mapa no bolsillo.

Saíu ao recreo e... Aeve díxolle:

-Vinte entrar por ese buraco transformada en raposa, e non estabas enfadada. E segundo me contaches só te transformas en raposa cando estás enfadada. ¡Dime a verdade agora!.

Irisina respondeu algo molesta por ter que contar o seu segredo.

-Vale, o de transformarme cando me enfado só funcionaba cando era pequena. Agora pódoo controlar, aínda que ás veces cústame.

Dito isto Aeve asentiu coa cabeza en sinal de que o entendera. Irisina pediulle que prometera que non llo contaría a ninguén, cousa que Aeve prometeu. Ela sí que é unha boa amiga.

Irisina contoulle todo o que averiguara nese oscuro cuarto, cheo de cacharros e papeis sobre o clan dos Raposantes. Aeve quedou impresionada por esas cousas que lle estaba contando e quedou pasmada. Ao acabaren de contarlle todo, Aeve ofreceulle a súa axuda para facer un mapa e un plan para chegar ata ese lugar, e devolverlle ao clan a súa lexítima princesa. Irisina agradicida aceptou a súa axuda, e comezaron a facer os mapas e os planos, non sin antes de que viñese Clair a fastidiar. Pero non mencionaremos ese momento e comezaremos xa coa aventura da nosa protagonista.

Elas dúas fixeron un mapa de como chegar ata alí (que, por certo era a través dunha gruta que aparece co primeiro día de lúa chea).

Fixeron tamén o plan que consistía en:

1º Irisina transformaríase nunha raposa para asustar aos seus, non reais, pais; porque cando facía isto tardaba uns catro días en volver ata súa casa. Seus pais non se preocupaban moito con estes casos, porque era moi común que pasasen.

2º Antes de ir ata ese lugar pasaría por casa de Aeve para recoller provisións e o material necesario para aquela aventura.

3º Facer o que a aventura pedise, inclusive atacar a alguén, cousa que a Irisina non lle gustaba nada. Aínda que ás veces cando se enfadaba moito, facíao sen darse conta.

Ao acabaren de facer o plan e o mapa, esperaron dous días antes da lúa chea para executar, o seu intelixente e astuto plan.

Chegado o día programado, os dous primeiros pasos do plan executáronse correctamente. Agora só faltaba o terceiro e máis difícil.

Agora si, comezaba a súa verdadeira e emocionante aventura. Queres coñecela? Si, pois segue lendo.

A aventura comeza.

Vexo que segues lendo, como estás tan interesado, imos seguir meténdonos sen ningunha razón na vida da nosa protagonista, agora si, continuemos.

Aínda transformada en raposa correu, metaforicamente, ata o seu destino como princesa do clan dos Rapososantes.

A viaxe foi moi tranquila ata que... Pero que é iso! Foi o que se preguntou exactamente a nosa protagonista cando viu a unha persoa estranísima. Era coma unha muller duns 27 anos aproximadamente, tiña o pelo vermello coma a chama máis ardente. Ía cun vestido azul con buratos e remendos por todas partes.

Íase acercando cada vez máis a paso lento ata Irisina, cousa que erizou o seu vermello pelaxe de raposa. Ao irse acercando notabase que a muller tiña a pel moi pálida. De súpeto abalanzouse enriba de Irisina e... atravesouna, esa muller era unha pantasma. Comezou a susurrarlle cousas ao oído a Irisina, cousas como estas:

-Mira, a princesa volveu despois de 14 anos xunto ao seu clan, cres que te van aceptar despois de 14 anos?. Aquí ninguén te quere, volve ao teu serio fogar, e déixate de aventuras. Só te queren os teus verdadeiros pais, pero... Pobre de ti, para eles estás morta, e ese é un pequeno problema. Volve a túa casa FE-NÓ-ME-NO!

Ao dicir estas palabras, a Irisina entroulle unha rabia que quentoulle o corpo desde as súas patillas de raposa ata a punta das súas orellas.

Nese intre Irisina furiosa... atacou a sangue frío á pantasma, Irisina convertérase nun animal salvaxe sen ningunha capacidade de razoamento; a pantasma ao recibir o ataque riuse e transformouse nunha amable muller raposa que lle dixo a Irisina agora máis calmada:

-Pasaches a primeira proba, princesa, volve co teu clan e os teus pais, estante esperando. Sinto moito terche dito todas estas cousas, pero a primeira proba era liberar ao animal que levas dentro, e para iso tiña que facerche enfadar.

Irisina, ao acabar de falar a muller, despediuse xa convertida en humana. Ata a proxima proba.

A nosa protagonista chegou ata a cova que había antes da gruta que estaba debuxada no seu mapa.

Na cova había unha gran porta de pedra branca. Irisina intentou abrila pero estaba fechada. De súpeto apareceu unha inscrición dourada en forma de poema no marco da porta que puña:

O raposo moi sixiloso,
que a súa presa vai a cazar,
agochado entre a herba
listo para atacar.
O raposo habilísimo
que hoxe tranquilo dorme
mañá irá a cazar
a unha moi triste lebre
que desconsolada está.

Irisina entendeu que o primeiro que tiña que cazar, era unha lebre... que non é que lle encantase a idea. Saíu da cova a buscar a esa desesperada lebre e, nada máis saír topouna. Díxolle, falando na súa lingua (non sei coma a aprendeu) o que tiña que facer, e a lebre moi amable díxolle triste, que se quería que a cazase, pero Irisina negouse a matala e levouna viva, ata a porta de pedra. Esta abriuse maxicamente coa razón de que un integrante do clan dos Raposantes nunca cazaría ningún animal, pois non son animais salvaxes sen capacidade de razoar, aínda que ás veces cando se enfadan si que pasa isto. Agora só faltaba a derradeira proba e a máis complicada e perigosa de todas.

O reencontro da princesa co seu clan acercábase a paso rápido.

Chegaba a terceira proba, a máis difícil e complicada. A lexítima princesa chegaría ao seu verdadeiro fogar.

Irisina, convertida en humana, foi ata a derradeira proba a paso lento, pero seguro. Chegou ata un lugar un tanto estrano, xusto antes da gruta sinalada no mapa. Era unha especie de bosque, nel había unha néboa perpetua moi densa e tan húmeda coma a mismísima auga, as árbores tiñan unha cor vermella clara, unha forma irregular, os troncos curvados coma se estivesen enrolados arredor dalgunha cousa. Tamén había un lago dunha cor verde azulada, este tiña nenúfares con flores amarelas. Esta paisaxe non daba moita tranquilidade a Irisina.

De súpeto, do lago saíron tres mulleres vestidas de igual maneira cun vestido solto de cor branco, as tres tiñan tamén o pelo igual, unhas largas melenas molladas de cor verde azulada que parecían descoidadas. O único que as diferenciaba era a súa altura, unha altísima, outra dun tamaño medio e a última era pequerrecha. As tres recitáronlle á vez esta adiviña a Irisina:

Se ao clan queres volver
moito teras que facer.
Duás probas superaches
pero a terceira aínda non aprobaches.
Terás que atopar a máis bela flor

que nunca ninguén topou.
Estás lista princesiña
ou queres volver a túa casiña?

Dito isto as tres mulleres desapareceron meténdose lentamente no máis profundo do lago.

Agora só faltaba atopar a flor máis bella para que a princesa se reencontrase co seu clan. Pero como atopar unha flor que ninguén xamais atopou? Ese era un grande problema, sobre todo se buscas unha flor nun lugar onde as únicas flores que hai son nenúfares.

Irisina, de súpeto encontrou a solución a ese dilema. Emocionouse tanto que berrou a resposta:

-Iso é son os nenúfares!-berrou a pleno pulmón como se lle fose a vida niso.

Se só os nenúfares tiñan flores, había que buscar nos nenúfares (claramente), pero, que nenúfar era o que tiña a flor máis bela?.

Irisina buscou e buscou por todo o lago, miraba un por un cada nenúfar, mais nada, ningún tiña a flor máis bela. Todas elas eran aburridas e feas flores amarelas.

Irisina desconsolada chorou os mil chorares por non poder volver cos seus verdadeiros pais nin o seu clan... cando, de súpeto... Irisina deixou de chorar de golpe, a razón era que lle veu á mente o seu recordo máis feliz. Ese recordo era do día que coñeceu as súas amigas e ironicamente foi o día que coñeceu a Clair. Pola cara de Irisina correu unha bágoa, pero non de tristeza, non, senón dunha ledicia perpetúa. Cando a bágoa, caeu no chan brotou dela a flor máis bela que Irisina xamais vira na súa vida.

Do lago volveron saír as tres mulleres pero esta vez mellor vestidas, co pelo doutra cor e máis coidado e, sobre todo o que máis chamou a atención da nosa protagonista foi que xa non eran iguais. As tres dixéronlle a unísono:

-Superaches a terceira e última proba. A razón pola que ninguén topou a flor máis bela é porque só a atoparía a persoa que neste lugar chorase de ledicia. Isto neste lugar é imposible porque só a persoa máis feliz do mundo é capaz. Por iso este lugar é chamado "O lago da desesperación perpetua". Agora xa podes volver co teu clan, lexítima princesa estanche esperando.

Irisina chegou xa á gruta iluminado por setas e plantas, de cores fluorescentes, que brillaban na escuridade. Ao saír da gruta topouse cun enorme poboado no que destacaba un grandísimo castelo.

De súpeto, chegaron dous gardas que gritaron ao unísono:

-Ti! Móstranos a túa autorización!-dixeron cunha voz grave e seria.

Irisina temerosa respondeu:

-Non teño identificación, mais creo que son a princesa perdida deste clan.

Os gardas mirárona fixamente, cousa que inquieta a calquera, despois collérona e levárona en volandas (Irisina, claramente, tiña cara de sorpresa).

Ao chagaren ao castelo os gardas soltaron a Irisina. Os dous fóronse un momento, e cando chegaron traían ao rei e a raíña. Os reis acercáronse a Irisina e mirárona, de súpeto preguntáronlle:

-Cantos anos tes?

-Teño 14 anos- respondeu Irisina segura.

-Podes transformarte en raposa agora?- preguntou a raíña dubitativa.

-Claro que podo, maxestade- dito isto, Irisina transformouse.

Xa sabedes que Irisina cando é unha raposa ten a pelaxe de cor vermella como o lume máis ardente, verdade? Pois ademais disto, non volo dixen, cando é raposa ten os ollos de cor branco e as meniñas teñen a forma dunha calavera; si, si, a forma dunha calavera.

Rápidos coma un raio, ao ver os ollos e a cor da raposa, os reis exclamaron a vez:

-É ela!- dixeron cunha inmensa ledicia.

Ao dicilo correron a darlle unha aperta a súa perdida filla que tanto querían e esperaban. Irisina, feliz, chorou de ledicia (Algunhas persoas dín que os gardas choraron tamén, sería moi gracioso ver a eses homes tan serios chorar nun momento tan ñoño).

A princesa viviu moi feliz no clan dos Raposantes, de feito convidou moitas veces as súas amigas humanas a que viñesen a vela. E Clair morreu de envexa ao ver que o “Fenómeno” resultaba que era unha princesa. Os outros pais de Irisina foron ao cárcere porque eles roubaran a princesa aos reis.

* * *

-E así, meus netos da alma, foi como a miña nai a princesa Irisina volveu ao seu clan. Gustouvos a historia da bisavoa, e do noso clan?

-Síííí! Avoa podes contarnos outra vez a historia da nosa bisavoa?

-Meus netos, xa vos contei esta historia hoxe 64 veces, non credes que xa é suficiente?

- Non, avoa- respostou o neto maior- A miña irma e máis eu queremos escoitala outra vez.

- Vale. Na illa de Luan, que estaba moi afastada de civilización máxica...

Fin

Shaila Pintos Lorenzo 6º

O monte.

A charla ía sobre como temos que coidar o noso monte.

A presentación que máis me gustou foi a dos gardas forestais.

Para previr incendios o que fan son corta lumes. Consiste en utilizar unha escavadora para facer unha liña (no monte) para así facer que o lume non poida cruzar a liña.




É increíble que por só botar un cristal ao chan ou deixar unha fogueira soa durante cinco minutos, poida chegar a queimarse 3000 hectáreas e aos gardas forestais poida costarlles a vida, intentando apagar o lume.

Tamén outra cousa que fan é coidar aos animais.

**COIDADO CO LUME,
QUE NON CHEIRA A PERFUME
SENÓN A FUME**

Saúl Besada Rodríguez 6º





A RIQUEZA DA NOSA LINGUA.

QUE SABEMOS DOS ESTRALOQUES?

A abrula (*Digitalis purpurea*) é probablemente a planta con máis nomes en galego (supera os 60). Velaí algúns deles polos que, ademais de abrula e estralotes que son os máis comúns, é coñecida esta planta:

abelloca, abeloura, abrulla, alcornoz, alcroque, alcroque, alicroque, aveluria, babocas, balocos, belitroque, bilincrocas, bilintroques, bilitroques, borleta, botexo, botexo, chopo, chopo negro, cloques, cocos, crócalos, crocas, croquele, croques, croques de cego, dedaleiras, digital, dixital, estalos, estalotes, estoupallo, estoupón, estouróns, estralantes, estraleques, estraloques, estralotes, estrincón, estrincón, estroupallón, folla do sapo, herba da cobra, herba de san xoán, herba dos troques, lunas da nosa señora, maliclocas, melicroque, milicroques, militroque, palitroques, porreta, san xoane, sanxoáns, sapaqueiro, seoane, soandes, tróqueles, troques, tumbaretas...

Algúns dos nomes teñen que ver co estraloque ou estourido que se provoca ao comprimir o extremo da flor ou campánula e premer para que faga “cloc”. En castelán e noutras linguas conta así mesmo con moitas denominacións .

Onde medra a abrula, bailaron as bruxas nas noites de lúa chea. Crese que escorrenta as bruxas e, en xeral, os males para que a casa e os seus ocupantes non sufran meigallos. É por iso polo que se soe poñer nas portas, ventás e buratos das casas na noite (23 de xuño) de San Xoán.

5º E.P.

O MAIO DE 6º

SOMOS OS DE SEXTO,
A PIQUES DE MARCHAR,
QUEREMOS ACABAR
PARA DISFRUTAR.

GÚSTANOS MOITO O FORNITE,
XOGAMOS EN ESCUADRÓNS,
PERO ANQUE SOMOS BOS
CAEMOS COMO PEÓNS.

COÑECEMOS O BULLING,
CHARLAS XA NOS DERON
NON É DIVERTIDO
SOFREN MOITOS NENOS.

ESTUDIAMOS NATURAI
SUSO, LÉVANOS Ó MONTE
PEDÍMOSCHO POR FAVOR,
PROMETICHES ISO ONTE.

QUERÉMOSTE SUSO,
TI ES MOI GUAÍ,
BOTARÉMOSTE DE MENOS,
ISO É O QUE HAI.

ADEUS CEIP DE PETELOS,
PARA O IES IMOS MARCHAR,
BOTARÉMOSVOS DE MENOS
TENTAREMOS NON CHORAR.



O MAIO DAS FAMILIAS

BOS DÍAS A TODOS
AQUÍ ESTAMOS ESTAS NAIS
CANTANDO COPLIÑAS
PARA OS MAIOS CELEBRAR

HOXE VIÑEMOS AQUÍ.
PARA ÓS PROFES LLES PEDIR
SAÍDAS CON ALEGRÍA
E MENOS MONOTONÍA.

DURANTE ESTE ANO
DESPOIS DE ESTUDAR
HOXE TOCA FESTA
IMOS DISFRUTAR.

CANDO CHEGUE O NOSO ENTROIDO
QUERÉMOLO CELEBRAR
NON OS CICLOS MESTURADOS,
CADA O CURSO O SEU DISFRAZ.

MAIO, MAÍÑO
QUERÉMOSCHE PEDIR
QUE OS PROFES FAGAN CASO
DO QUE LLES VIMOS PEDIR.

XA NOS IMOS DESPEDINDO
O CURSO XA ESTÁ REMATANDO
XA SE ACHEGA O FESTIVAL
SERÁ UN ÉXITO TOTAL.



O MAIO D@S PROFES

@S PROFES DE PETELOS
QUEREMOS FESTEXAR
QUE XA SON OS MAIOS
POR ISO IMOS CANTAR.

TEMOS NOVO PRESIDENTE
TAMÉN NOVA DIRECCIÓN
E SOAMENTE NOS FALTA
A NOVA LEI DE EDUCACIÓN.

HAICHE MOITO ESTRÉS
CON TANTAS ELECCIÓN
DEBATES E DEBATES
MENTIRAS A MONTÓN.

DEBEMOS FALAR COA ANPA
E TAMÉN COS DO CONCELLO
QUE COÑEZAN AS DEMANDAS
QUE NOS FAN A NÓS OS NENOS.

DEIXÁRONNOS SEN PLANTAS
NAS REIXAS DO COLEXIO
DIN QUE MANDOU CAMILO
E ALGUÉN TOMOUNO A PEITO.

O XARDÍN DO NOSO COLE
DEBE ESTAR MELLOR COIDADO,
PRECISA DE NOVAS PLANTAS
QUE MELLOREN O HERDADO.

OS PAPÁS DE SEXTO
ANDAN PREOCUPADOS
PORQUE OS SEUS RETOÑOS
MÁRCHANSE PARA O LADO.

XA NOS IMOS DESPEDINDO
DA NOSA FESTA DOS MAIOS
VAILLES TOCAR ÁS FAMILIAS
A VER QUE ANDAN ARGALLANDO.



EDUCACIÓN FÍSICA

Como en cursos anteriores dende a área de educación Física participamos en diferentes actividades deportivas e competicións. Continuamos coa nosa participación na dinamización intercentros con outros colexios de MOS e Porriño.

Tamén repetimos actividades como o surf, o campo a través e o atletismo en pista.

BÁDMINTON

Este ano recibimos visita dun entrenador de Bádminton que veu a mostrarnos este deporte tan practicado en todo o mundo.



Descubriunos moitas cousas sobre o seu deporte, e Convidounos a participar no campionato escolar.




LOITA

Os de 4º Ed. Primaria puideron asistir e coñecer de cerca o deporte da loita, a través da federación galega.



TENIS DE MESA

Dende 1º a 6º tiveron a oportunidade de practicar un deporte moi rápido e de precisión como é o tenis de mesa.



¡CANTA ACTIVIDADES!



